



Alcaldía de Lugo

Lugo, 16 de xaneiro de 2012

Sr. D. Alberto Núñez Feijoo
Presidente da Xunta de Galicia
Pazo de Raxoi
15705 Santiago de Compostela

Ed. final do Presidente

No nome do Concello e do pobo de Lugo, así como no meu propio, desexo facerlles chegar neste triste momento o noso común pesar polo pasamento do Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne.

Non só foi un dos pais da Nosa Constitución, senón que, tamén como galego e como Presidente da Xunta de Galicia, foi capaz de reforzar a autonomía e colocar a nosa comunidade no lugar que realmente lle correspondía.

Dende a cidade de Lugo, á que D. Manuel tivo presente en moitas das súas actuacións, e dende esta provincia que era a súa, queremos unirnos á dor de todo o pobo galego e de todas e de todos os demócratas e, por suposto e especialmente, ao da súa familia.

Atentamente,

José C. López Orozco
Alcalde de Lugo.